San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS POR SUBSTITUCIÓN DA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Ó PRIMEIRO EXERCICIO

En San Sadurniño, a dezanove de febreiro de dous mil dezanove, sendo as nove horas, reúnense novamente na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia do traballador social do Concello de Cerdido, Diego Rodríguez Piñón, designado pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles nomeamentos por substitución da praza de traballador/a social, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidente: Diego Rodríguez Piñón.
Vogais: María América Uceira Criado (Concello de A Capela) e María de la O Fresco Torrente (SERGAS).
Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

O Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, examínase a única alegación presentada en relación co primeiro exercicio, por Araceli Collado Díaz, solicitando a revisión das preguntas 3, 11 e 28 dese primeiro exercicio. O Tribunal, previa revisión detallada do contido desas preguntas, acorda desestimar a alegación de que se trata, por entender que as preguntas e as respostas dadas por válidas son correctas e responden ós contidos do Anexo I das Bases da convocatoria.

Acorda igualmente o Tribunal ordear a publicación da presente acta antes do inicio do segundo exercicio da fase de oposición.

Sendo as nove horas e quince minutos, dispoñendo o Presidente do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

O PRESIDENTE,

AS VOGAIS,

América Uceira

O SECRETARIO,

Concello de San Sadurniño
Secretaría - Intervención
A Coruña